

Argalladas Abrente Axoúxeres Hipócrita Grupode Te
atrodo Hospital Palimoquiños Rebuldeira Gargallad
as Curuxan Nova Escena Lume Escénico O Centiño OT
orques Os Trocos Picodo Castro Táboas Cheasde Emo
ción Alentía AMariña Grupo Teatro Biblioteca Muni
cipal Antasde Ulla Metátese Pinchacarneiros Argallad
as Abrente Axoúxeres Hipócrita Grupode Teatrodo H
ospital Palimoquiños Rebuldeira Gargalladas Curux
an Nova E orques O
s Trocos P ción Alen
tía AMari al Antas
de Ulla Me s Abrent
e Axoúxe spital Pal
imoquiño n Nova Es
cena Lume Escénico O Centiño O Torques Os Trocos Pic
odo Castro Táboas Cheasde Emoción Alentía AMariñ
a Grupo Teatro Biblioteca Municipal Antasde Ulla Met
átese Pinchacarneiros Argalladas Abrente Axoúxere
s Hipócrita Grupode Teatrodo Hospital Palimoquiños
Rebuldeira Gargalladas Curuxan Nova Escena Lume
Escénico O Centiño OTorques Os Trocos Picodo Castro
Táboas Cheasde Emoción Alentía AMariña Grupo Te
atro Biblioteca Municipal Antasde Ulla Metátese Pinc
hacarneiros sde Ulla Metátese Os Pinchacarneiros Ar

CIRCUITO TEATRO AFECCIONADO 2021



CICLO ARGALLADAS:

- ★ ASOCIACIÓN CULTURAL ABRENTE
- ★ AXÓUXERES
- ★ HIPÓCRITA TEATRO
- ★ GRUPO DE TEATRO DO HOSPITAL (HULA)
- ★ OS PALIMOQUIÑOS

ASOCIACIÓN CULTURAL ABRENTE (As Nogais)

Fe Álvarez 696 144 429
fe.alvarezsanchez@gmail.com

As tres solteironas.

Comedia. Todos os públicos.

Sinopse:

Ambientada nos anos 50, nun pobo calquera. Na casa de Baixo viven tres irmás, todas elas solteiras. A máis vella, algo toxo, entrada en anos, non moi agraciada e forrada de cartos; a do medio traballadora e obediente, vai facendo o que manda a irmá mais vella; e a pequena moi xeitosa e apañada pero... quere ser unha respetable señora solteira.

Os veciños, os da casa do Pandín, son tres irmáns, todos eles solteiros, o máis vello, que xa vai indo maduro, non anda moi sobrado de luces pero ten paga. O do medio é o mais formal, traballador e con caletre. O pequeno, un bo mozo, solo anda a ver onde hai cartos, e está disposto a conseguilos como sexa.

As dúas familias teñen en común a ansia de amañar herdeiros, que atendan as terras e de que as casas non queden baleiras e non se desfagan.

Ocorre que nada é tan sinxelo, e menos cando se cruzan nas familias os intereses económicos, algún namoramento imprevisto, un cura de armas tomar, as envexas, as malas linguas e ata unha meiga e un enxame de abellas bastante enrabeado.

Unha comedia costumista para toda a familia que, dende un enfoque cómico, achega as costumes e as maneiras de ver a vida na sociedade rural dos anos 50.

Duración: 60 minutos.

Elenco: 13 actores/actrices.

Necesidades técnicas: Obra preferentemente de interior, con escenario, con acceso a toma de corrente e a poder ser con telón. O grupo leva un decorado adaptable. Será necesaria unha mesa e oito sillas e un espazo no que os actores poidan cambiarse e deixar o equipo. O grupo conta con micrófonos e mesa de son no caso de que o espazo da actuación non dispoña deles.

Preferencia de datas para actuar: setembro e outubro, segundo dispoñibilidade de axenda.



AXOÚXERES (Vilaronte - Foz)

Rosa Alonso 627 474 675
rosaalonso29@gmail.com

Cousas de mulleres.

Comedia. Público adulto.



Sinopse:

Esta é a historia de tres mulleres, cos seus problemas, loitando contra o mundo e ata consigo mesma, ás que o destino une por unha casualidade e que sen pretendelo acaban convertíndose en grandes amigas. Esta obra busca elevar os ánimos con humor, xa que a unión fai a forza e non hai problema que non teña solución

Duración: 90 minutos.

Elenco: 3 actrices.

Necesidades técnicas: Obra de interior, é preciso un escenario con acceso a toma de corrente.

Preferencia de datas para actuar: venres noite e fins de semana a partir de mediados de setembro.

HIPÓCRITA TEATRO (Lugo)

María José García 600 070 969
hipocritateatro@gmail.com

Casting.

Comedia. Público adulto.

Sinopse:

Varias actrices compiten por un único papel cinematográfico. Atrapadas nas súas personaxes estereotipo chegan ao límite do absurdo por cumprir coas expectativas do seu rol. Unha comedia agridoce para chorar, rir ou chorar coa risa.



Duración: 60 minutos.

Elenco: 4 actrices / 1 técnica

Necesidades técnicas:

Espectáculo de interior. Espazo mínimo requerido 5 m. de boca x 4 m. de fondo x 3 m. de altura. Equipo de luces con etapa de potencia. Precisan equipo de son e sistema de amplificación e 2 recortes e 6 PC (mínimo). Fanse cargo da súa equipación no caso de que no espazo no que actúen non dispoñan del.

Preferencia de datas para actuar: fins de semana e festivos a partir do 25 de setembro.

GRUPO DE TEATRO DO HOSPITAL (HULA) (Lugo)

Conchita Peteiro 699 157 040
conchitapeteiro@gmail.com

O achado do Castro.

Comedia. Todos os públicos.

Sinopse: Nun manuscrito atopado nun Castro, cóntase unha historia da época dos romanos. Un emperador, que tiña unha filla chamada Carmiñae, oponse a que esta teña unha relación sentimental con Manolitus, fillo da adiñerada Arpexia, que tamén se opón a esta relación. Entre tanto, un par de ladróns tratarán de roubarlle o medallón ao emperador. Esta obra lévanos á Roma antiga, mais faino xogando coa lingua, obrigando a que os personaxes falen coma nós, con termos modernos, o que leva a situacións moi cómicas dende un latín un chisco especial. Como boa historia romana hai un emperador, que é de todo agás espilido, soldados, filósofos, barbudos, sabios, unha historia de amor... e moito humor.



Duración: 60 minutos.

Elenco: 11 actrices/actores

Necesidades técnicas: Espazo mínimo requerido de 6m.x 4m. Canón de luz e dous focos. De non dispoñer, o grupo ten a súa propia equipación. Dúas tomas de corrente preto do escenario.

Preferencia de datas para actuar: a partir de outubro, segundo dispoñibilidade de axenda.

OS PALIMOQUIÑOS (Lugo)

Paloma Lugilde 649 948 266
pombausua@hotmail.com

Borralliña.

Comedia. Público familiar.



Sinopse: Esta é unha adaptación de “La Cenicienta” dos irmáns Grimm en clave de humor. Hai moito moito tempo, había un país moi rico gobernado por un Rei e unha Raíña xustos e bondadosos. El chamábase Cintolo e ela Madrepérola. Eran moi felices xunto co seu fillo Azul Celeste. Só unha preocupación atenazaba os seus corazóns, o desexo de ver ao seu fillo casado...

Duración: 60 minutos.

Elenco: 13 actrices/actores.

Necesidades técnicas: Espazo mínimo requerido de 5 m. x 5 m. Acceso a toma de corrente. Adáptanse á equipación técnica que haxa no espazo.

Preferencia de datas para actuar: Indiferente, segundo dispoñibilidade de axenda do grupo.

CICLO GARGALLADAS:

- ★ CURUXAN
- ★ NOVA ESCENA TEATRO
- ★ LUME ESCÉNICO
- ★ O CENTIÑO
- ★ O TORQUES
- ★ OS TROCOS
- ★ PICO DO CASTRO

CURUXAN (Lugo)

José Luis Bermúdez 636 542 861
curuxanartes@gmail.com

Spinof.

Espectáculo de humor e improvisación. Público adulto.

Sinopse: Obra baseada no método Harold de creacións de escea impro. A través de tres historias conectadas co ``efecto bolboreta´´, o propio público escollerá aos protagonistas, ás súas historias, o contexto e os seus obxectivos: un home negocios que precisa axuda, unha anciá que só ten lembranzas e unha axente de viaxes que quere rematar a súa xornada para poder descansar. Que relación teñen entre si? E se non son eles e son outras personaxes totalmente distintas? E se nos atopáramos nun mundo fantástico, pasando a outro de detectives e rematando cun musical? Neste caos argumental ao final todo ten o seu sentido.



Duración: 40-45 minutos.

Elenco: 6 actrices/actores

Necesidades técnicas: Obra de interior ou de exterior. Precisan acceso a toma de corrente, iluminación de sala, de escenario e do público e música por PC ou equipo alternativo.

Preferencia de datas para actuar: a partir de setembro, segundo a dispoñibilidade do grupo.

NOVA ESCENA TEATRO (Lugo)

María Márquez 606 364 129
novaescenateatro@mundo-r.com

A tortilla e a peste.

Comedia. Todos os públicos.

Sinopse: Varias mulleres contan a súa experiencia durante o período do confinamento. A privación de contacto, o illamento, a distancia, fan que cousas cotiás, como unha simple tortilla, adquiren unha dimensión diferente, converténdose no “axis mundi” duns personaxes ligados ao mundo a través do finísimo fío da tecnoloxía.



Duración: 80 minutos.

Elenco: 5 actrices

Necesidades técnicas: Espectáculo de interior. Adaptable. Fanse cargo da súa equipación.

Preferencia de datas para actuar: sábados e domingos de novembro e decembro.

LUME ESCÉNICO (A Pontenova)

Jorge Gómez Rico 616 290 063
jorgomezrico@hotmail.es

Cousas de bares.

Comedia. Público a partir dos 12 anos.

Sinopse: Como consecuencia dun accidente de tráfico no que está implicado un coche fúnebre, nun bar aparece un ataúde cun boleto de lotaría dentro. Esta é unha obra de ritmo trepidante e con xiros inesperados. Unha cita fronte ao cemiterio, para un espectáculo... mortal!



Duración: 70 minutos.

Elenco: 14 actrices/actores

Necesidades técnicas: Obra de interior cun espazo mínimo requerido de 7 m. de ancho x 4 m. de fondo e acceso a unha conexión eléctrica. Fanse cargo da súa equipación técnica (mesa de luces, cableado, 2 trípodes para luces Hércules, 8 focos PC de 1.000 w, 2 recortes, mesa de son, dobre pletina CD, 2 trípodes, 2 bafles de 250 W RMS, 1 micrófono e cableado)

Preferencia de datas para actuar: a partir de outubro, segundo dispoñibilidade de axenda.

O CENTIÑO (Foz)

Luis Daniel Fernández 630 963 622
puxigos@gmail.com

Vaia faena, a corentena.

Comedia. Todos os públicos.

Sinopse: Nun lugar calquera de Galicia, en plena corentena, os veciños asómanse cada día ás súas ventás a aplaudir a incansable labor dos sanitarios, convertíndose os balcóns nunha nova rede social entre veciños.

Esta obra é un reflexo da nosa sociedade na corentena, nos tempos nos que aprendemos a apreciar o valor do papel hixiénico e dos cubrebocas, dos tempos nos que nos decatamos do xuntos e do separados que estamos daqueles que nos rodean.



Duración: 45 minutos.

Elenco: 8 actrices/actores.

Necesidades técnicas: Obra de interior ou de exterior cun espazo mínimo requerido de 5 m. de ancho x 2,5 m. de fondo e acceso a unha conexión a electricidade de 220 W. Fanse cargo da súa equipación técnica.

Preferencia de datas para actuar: preferiblemente sábados (poderían actuar os domingos se as actuacións fosen na contorna). Disponibilidade ata o 11 de decembro.

O TORQUES (Burela)

Juan Villarino 639 478 541
rcnslu@yahoo.es

O Randiña.

Comedia. Público adulto.

Sinopse: A obra recrea as peripecias dun vagabundo, O Randiña, no seu afán de evitar que se lle arrebate o único lugar que considera o seu fogar, un banco de praza. Este singular personaxe fará fronte á indiferenza, o abuso e a marxinação tendo como única arma o seu inxenio e astucia, logrando sortear cada situación que se lle presente para saír ben librado. Esta obra invítanos a facer unha análise da nosa vida e do noso papel na sociedade desde unha perspectiva diferente.



Duración: 60 minutos.

Elenco: 2 actores

Necesidades técnicas: 4 m. de fronte x 3 m. de fondo (espazo mínimo requerido). luz directa (se fosen precisos, o grupo conta con focos, por iso que se require toma de corrente)

Preferencia de datas para actuar: indiferente segundo a dispoñibilidade do grupo.

OS TROCOS (Castro de Rei)

José Luis Rielo 654 782 401
lelyrielo@gmail.com

Por un puñado de grelos.

Comedia. Todos os públicos.

Sinopse: A acción transcorre na Terra Cha tendo como límite xeográfico o Río Torto por unha beira e Xustas Town pola outra. Coméntase en Xustas Town, que nun lugar chamado *A Escrita*, por onde pasa o Río Azúmara, e que está controlado polo pobo dos Valuros, está aparecendo ouro. *A Escrita* é a única paraxe natural onde se dá a planta sagrada Os Grelos, e un pobo como os Valuros, respetuoso ca natureza e os seus ancestros, non consentirá unha nova invasión por parte do pobo branco.



Duración: 75 minutos.

Elenco: 14 actrices/actores

Necesidades técnicas: Obra de interior cun espazo mínimo requerido de 8 m. de ancho x 5 m. de fondo e acceso a unha conexión a electricidade. Fanse cargo da súa equipación técnica (mesa de luces, cableado, 2 tripodes para luces Hércules, 8 focos PC de 1.000 w, 2 recortes, mesa de son, dobre pletina CD, 2 tripodes, 2 bafles de 250 W RMS, 1 micrófono e cableado)

Preferencia de datas para actuar: a partir de outubro, segundo a dispoñibilidade do grupo.

PICO DO CASTRO (Foz)

Juan Villarino 639 478 541
rcnslu@yahoo.es

O Terapeuta.

Comedia. Público adulto.

Sinopse: O lugar de encontro: un consultorio psicolóxico. Os personaxes: un doutor con especialista na psique humana e un doente cun complexo de Edipo tan grande, pero tan grande, que... ata o mesmo Edipo lle recomendaría terapia!

Así as cousas, o doente irá pouco a pouco sacando ao doutor das súas casillas a pesar da súa paciencia. Neste senso, ambos personaxes disputarán o protagonismo da escena tratando, con moita intelixencia e humor, temas como a incomunicación familiar, os condicionamentos sociais, a hipocresía, a soidade e a sexualidade.



Duración: 55 minutos.

Elenco: 2 actores.

Necesidades técnicas: 4 m. de fronte x 3 m. de fondo (espazo mínimo requerido). luz directa (se fosen precisos, o grupo conta con focos, por iso que se require toma de corrente)

Preferencia de datas para actuar: indiferente segundo a dispoñibilidade do grupo.

CICLO TÁBOAS CHEAS DE EMOCIÓN:

- ★ ALENTÍA TEATRO
- ★ A MARIÑA
- ★ GRUPO DE TEATRO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ANTAS DE ULLA
- ★ METÁTESE TEATRO
- ★ OS PINCHACARNEIROS

ALENTÍA TEATRO (Palas de Rei)

Ana Ramos 648 706 391
alentiateatro@gmail.com

A escada dos contos.

Público infantil e familiar.

Sinopse: É este un compendio de historias que aborda con tenrura e humor problemas tan importantes como a igualdade de oportunidades entre os xéneros, o acoso escolar, a cultura da paz, o recoñecemento á sabedoría e á experiencia das persoas maiores, o valor instrumental da educación como ferramenta imprescindible no crecemento do ser humano... Trátase dun espectáculo que reflexiona, en clave de humor, sobre a importancia de cultivar a autoestima, a mellor ferramenta para sortear obstáculos na vida. Que a fantasía arroupe os nosos corazóns!



Duración: 60 minutos.

Elenco: 7 actrices/actores.

Necesidades técnicas: Espectáculo de interior ou exterior. En caso de que o espazo non dispoña da equipación técnica que precisan, teñen a súa propia equipación

Preferencia de datas para actuar: indiferente segundo a dispoñibilidade do grupo.

A MARIÑA (Cervo)

María José Novoa 982 557 692
asociamarina@telefonica.net

O xardín solitario.

Público infantil e familiar.

Sinopse: Comedia de dous actos. Un Xardín que se sente só, convoca a diferentes árbores frutais para escoller aquela que poderá vivir con el na súa ladeira norte. Ata alí achegaranse o Señor Limoeiro, cargado de limóns para agasallarlle ao Xardín, o Señor Laranzo, que tratará de persuadir ao Xardín coas súas saborosas laranxas, a Señora Cerdeira, convencida de ser a árbore gañadora e o Señor Kiwi, coa súa gran parra de kiwis. Tamén acudirán ao chamado o Señor Castaño, prometéndolle ao Xardín as mellores castañas da zona e a gran Maceira, fachendosa das súas mazás vermellas. Por último, recibirá as visitas dunha gran Nogueira e do Señor Cactus. No desenlace..., que árbore será a afortunada?



Duración: 40 minutos.

Elenco: 11 actrices/actores.

Necesidades técnicas: Obra de interior. Espazo mínimo requerido de 5 m. x 5 m. Precísase toma de corrente.

Preferencia de datas para actuar: novembro e decembro, preferiblemente de luns a venres, aínda que non descartan actuar en fins de semana.

GRUPO DE TEATRO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE ANTAS DE ULLA

Silvia López Cabanas 652 847 317
s.lopezcabanas@gmail.com

Historias pequenas de xente que non lle importa a ninguén.

Público adulto.

Sinopse: Esta obra é o resultado da suma de varias escenas independentes interpretadas por dous actores ou actrices. Trátase de personaxes que están tristes, ou que teñen medo, ou que piden axuda porque viven algún momento de dificultade: unha mendiga que reclama, unha moza que pide traballo, un neno que atopa unha estrela, unha moza con ollo de cristal, unha moza que come o presente de orquídeas que lle regalan, un barbeiro que axuda a desaparecer, un domador que perde o seu león, un robot que non entende aos humanos e un asasino asasinado.



Duración: 60 minutos.

Elenco: 5 actrices/actores.

Necesidades técnicas: Obra de interior. Espazo mínimo requerido de 5 m. x 4 m. Precísase toma de corrente e un reprodutor de música.

Preferencia de datas para actuar: indiferente, segundo dispoñibilidade do grupo.

METÁTESE TEATRO (Palas de Rei)

Afonso García 655 345 123
metateseteatro@gmail.com

A merliña.

Todos os públicos.

Sinopse: A Merliña, unha pequena, simpática e graciosa personaxe, símbolo da esperanza dentro dun mundo gris, que transita na procura da resposta a unha pregunta universal: “Quen son?” Inicia así desde o seu niño, un percorrido vital enriba das táboas do escenario no que ten que enfrontarse a diferentes personaxes larapeteiros que son a personificación da avaricia, da gula, da prepotencia, do despotismo e da ruindade.



Duración: 60 minutos.

Elenco: 20 actrices/actores.

Necesidades técnicas: Espectáculo de interior ou exterior. En caso de que o espazo non dispoña da equipación técnica que precisan, teñen a súa propia equipación.

Preferencia de datas para actuar: a partir de setembro, segundo dispoñibilidade de axenda.

OS PINCHACARNEIROS (Lugo)

Mariano José Tejero 696 118 762
marianojose@tejerofernandez.com

O Lazarillo do Miño.

Todos os públicos.

Sinopse: Esta é unha versión distinta do clásico do Lazarillo. Varios Lazarillos localizados nas terras do Miño, amosan unha realidade poboada de xentes de todo tipo, cregos nada caritativos, ricos que son máis ben mendigos, xente que se aproveita da boa fe dos demais ou persoas que loitan por ter un codelo de pan que levar á boca. Neste contexto, os diferentes lazarillos deberán tirar do seu enxeño para poder sobrevivir e non morrer de fame. E todo isto con moito humor, danza, teatro e, sobre todo, integración.



Duración: 60 minutos.

Elenco: 13 actrices/actores.

Necesidades técnicas: 8 m. de fronte x 5 m. de fondo (espazo mínimo requerido) Espectáculo pensado para representarse en interior. Conveniente contar con caixa negra, caixa italiana con bambalinas... O espazo ten que contar cunha luz ambiente, altofalantes e un dispositivo para poñer música.

Preferencia de datas para actuar: indiferente, segundo dispoñibilidade de axenda.